



ACONDICIONAMENTO DE LOCAL E MELLORA DA SEGURIDADE DA VÍA MARIANA, CERDEDO COTOBADE

INFORME TÉCNICO

Na data 16/05/2023, o concello de Cerdedo-Cotobade, solicitou ao técnico Municipal, a realización dun informe técnico, en relación á necesidade ou non de dividir o proxecto en LOTES como así indica o art. 99.3 da LCSP, todo ilo en relación á seguinte obra:

- **Concello:** Cerdedo Cotobade.
- **Obra:** ACONDICIONAMIENTO DE LOCAL Y MEJORA DE LA SEGURIDAD DE LA VIA MARIANA, CERDEDO COTOBADE
- **Orzamento:** 69.677,20 €. (IVE incluído).
- **Proxectista:** D. JOSE LUIS BARROS SOUSA. (Arquitecto Técnico)
- **Prazo execución:** 4 meses.
- **Data do proxecto:** xaneiro_2023.

INFORMO:

Tratase das obras de reforma do antigo albergue existente no lugar de Chan, para facilitar a estancia e parada aos peregrinos que fan a ruta VIA MARIANA, as obras tamén inclúen a urbanización da parcela onde se asenta o albergue, con equipamentos biosaludables, sinalización ruta, fonte, Incluso a sinalización na zona de San Xurxo, concretamente o balneario así como unha barreira de seguridade no mesmo entorno. .

Tipo de Obra: Reforma

Tipo de Edificación-uso: Dotacional- equipamento

Emprazamento: Albergue no nº 9 do lugar de Chan- Carballedo

Promotor: Concello de Cerdedo-Cotobade

Nº de plantas sobre rasante: 1

Nº de plantas baixo rasante: 0

Superficie da parcela: 629 m2.

Superficie ocupada: 51 m2

Prazo de Execución: 4 meses

Clasificación del contratista: no es precisa

A parcela Municipal onde se asenta a construción dispón da seguinte referencia catastral 36012A044004370000ZS; a edificación dispón da seguinte referencia catastral 000300900NH40A0001TR, e a parcela onde se instalarán as proteccións ten a seguinte RC: 36012A004006400000ZF.

O técnico que subscribe dende o seu punto de vista, e trala revisión do Prego de prescricións técnicas particulares, a si como, o prego de cláusulas administrativas particulares, considera que é de aplicación neste caso concreto o apartado b) do art. 99.3 da LCSP, e dicir:

b) O feito de que, a realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultará a correcta execución do mesmo desde o punto de vista de técnico e operativo; ademais o risco para a correcta execución do contrato proceda da natureza do obxecto do mesmo, ao implicar a necesidade de coordinar a execución das diferentes unidades, cuestión que poder





CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 - Carballo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 - Fax. 986 760130

Pza do Concello 1 - Cerdedo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006 - Fax 986753201



ACONDICIONAMENTO DE LOCAL E MELLORA DA SEGURIDADE DA VÍA MARIANA, CERDEDO COTOBADE

verse imposibilitada pola división en lotes e execución por unha pluralidade de contratistas diferentes.

Neste caso a división por lotes dificultaría en demasía a coordinación e o control das distintas unidades que conforman a obra de rehabilitación e/ou reforma.

Cómpre indicar ademais que o feito de dividir en lotes a obra pode restrinxir de forma considerable a licitación ao xerarse lotes extremadamente pequenos e non compatibles que poden reprimir os posibles licitadores, dificultando desta maneira que se poidan executar ditos lotes de forma coordinada.

A vista do antedito quen informa considera preciso, que a obra non sexa dividida en lotes.

O que informo aos efectos de dar continuidade ao expediente.

Este documento atopase asinado dixitalmente polo seu autor.

